



IES SAN CLEMENTE - SANTIAGO DE COMPOSTELA
PROGRAMACIÓN DPTO. INGLÉS
2024-2025

Contenido

IES SAN CLEMENTE - SANTIAGO DE COMPOSTELA PROGRAMACIÓN DPTO. INGLÉS	1
1.1 Introducción	3
1.1.1 Localización do centro	3
1.1.2 O Departamento	3
1.2 Contextualización	4
2. Ámbito de comunicación 4º módulo da ESA.....	6
2.1 Introducción	6
2.1.1 Contextualización	6
2.1.2 Marco legislativo	6
2.1.3 Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	7
2.2 Relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competentes	9
2.2.1 Ámbito de comunicación: lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura	9
2.2.2 Ámbito de comunicación: lingua estranxeira: Inglés.....	14
2.3 Obxectivos para o curso	20
2.4 Concrecións metodolóxicas	22
2.5 Materiais e recursos didácticos	23
2.6 Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado	24
2.6.2 Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.....	24
2.7 Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente	26
2.8 Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	27
2.9 Avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados	27
2.10 Medidas de atención á diversidade	28
2.11 Concreción dos elementos transversais.....	28
2.12 Actividades complementarias e extraescolares.....	28
2.13 Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	28
2.14 Indicadores de logro	29
3.14.1 Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino	29
3.14.2 Indicadores de logro para avaliar a práctica docente	29
3.14.3 Indicadores de avaliación da programación didáctica	30

1.1 Introducción

1.1.1 Localización do centro

O IES San Clemente está situado no centro histórico de Santiago de Compostela, na rúa do mesmo nome, entre o parque da Alameda e a Catedral. A situación xeográfica da cidade garante a viabilidade das comunicacións con calquera punto de Galicia. O IES data de mediados do século XX e intégrase perfectamente no centro histórico da cidade.

A historia do IES San Clemente remóntase ao ano 1948, cando unha viúva compostelá doa uns terreos situados no campo de San Clemente á Igrexa coa finalidade de que neles se construíse un centro para acoller os nenos pobres da cidade e proporcionarlles uns coñecementos profesionais que lles permitisen no futuro desempeñar un oficio. A doazón realizouse por motivos píos e a Igrexa tutelou o desenvolvemento das obras de edificación através do arcebispo Quiroga Palacios. Malia o edificio poder ser rematado antes, as súas actividades non comezaron ata o ano 1953.

O centro sempre estivo vencellado ás ensinanzas profesionais: foi escola de traballo, escola de artes, escola de mestría industrial, centro de formación profesional...; non foi deica a derradeira década do século XX cando, coa reforma educativa formulada na LOXSE, pasou a se denominarse IES e, xa no século XXI, introducíronse as ensinanzas non estritamente profesionais que completan a súa oferta educativa.

O edificio forma parte, estrutural e arquitectonicamente, do conxunto histórico da cidade. Distribúese en tres plantas e un soto; posúe seis aulas de informática, cinco aulas para ESA e BACH (adultos), unha sala de usos múltiples (vídeo, conferencias etc.), un laboratorio, unha biblioteca e outras dependencias dedicadas á administración e servizos.

O centro sempre foi de titularidade pública e, xa que logo, depende da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

1.1.2 O Departamento

O Departamento de Idiomas localízase na terceira planta do edificio. Este **curso 2024/25** está integrado polo seguinte profesorado: a profesora e xefa do Departamento, **Alicia Sánchez Martínez**, que imparte as clases de 1º e 2º BACH; Xoana, que imparte 2º ESA Ámbito Comunicación e LEP nos seguintes ciclos de Informática 1º ASIR 2º, 1º DAW

Esteban José Fernández Neira, que imparte as clases de 4º ESA Ámbito de Comunicación e Inglés e LEP nos seguintes ciclos de Informática 1º DAM ORD, 1º DAM e Educación Física en 1º Bacharelato

1.2 Contextualización

A sociedade actual, cada vez mais heteroxénea e global, demanda un tipo de cidadanía competente, que saiba o que fai e o que di de maneira creativa e autónoma. Neste sentido, tanto o papel das linguas na formación das persoas canto o proceso de reflexión sobre as mesmas, especialmente no caso da Primeira Lingua Estranxeira, constitúen unha competencia clave tanto para o éxito escolar como para a posterior inclusión social e laboral da persoas.

O noso país, como membro da Unión Europea, comparte o compromiso de fomentar o coñecemento doutras linguas comunitarias tal como se recolle nun dos obxectivos da Estratexia de Lisboa. Pola súa banda, o Consello de Europa, no Marco de Referencia Común Europeo para a aprendizaxe de linguas estranxeiras (MCER, 2001), establece directrices tanto para a aprendizaxe de linguas como para a valoración da competencia “plurilingüe” e “intercultural” dunha persoa falante, o que no proceso de ensinanza aprendizaxe de diferentes linguas se traduce necesariamente nun tratamento integrado das mesmas nas aulas que faga ao alumnado consciente do enriquecemento que supón ser unha persoa plurilingüe dentro da súa formación cidadá.

O desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender con enfoques plurais, transversais e integradores o que ha de levar ao profesorado das distintas linguas do currículo a construír unha coherencia pedagóxica que facilite a adquisición dunha competencia global para a comunicación lingüística do alumnado.

A partir dos contidos, dos criterios de avaliación e dos estándares de aprendizaxe avaliáveis preténdese o desenvolvemento persoal, intelectual e social do alumnado. Todas as actividades queren favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e individualmente e para relacionarse no medio con espírito crítico. A través do estudo da Primeira Lingua Estranxeira: Inglés, o alumnado deberá adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes ou textos propostos, o recoñecemento da diversidade e a valoración do patrimonio lingüístico cultural recibido. A finalidade deste proxecto é conseguir que o alumnado adquira

todas as competencias marcadas pola LOMCE centradas na competencia en comunicación lingüística e prestando especial atención ás competencias sociais e cívicas, a aprender a aprender e ao sentido de iniciativa e espírito emprendedor, incorporando ao proceso de aprendizaxe o conxunto de elementos transversais recollidos tamén pola LOMCE.

Traballarase intensamente ao longo de todo o proceso de ensinanza aprendizaxe a comunicación audiovisual e as TIC, a comprensión lectora, a expresión oral e, neste tipo de ensinanzas “*online*”, fundamentalmente a escrita. A materia contribuirá ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística non só nas segundas linguas senón tamén con respecto ás linguas maternas. O uso efectivo de linguas estranxeiras fomenta actitudes de valoración e respecto cara a todas as linguas e culturas, cara ás outras persoas, o que debe entenderse como unha oportunidade de enriquecemento mutuo, de caneo de conflitos e de resolución satisfactoria dos mesmos. A achega da PLE: Inglés ao coñecemento competente matemático é puntual mais está presente na súa vertente máis instrumental (interpretación de datos estatísticos, lectura e mostra de gráficas...)

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competente inicial do alumnado, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Os materiais de PLE: Inglés permiten desenvolver metodoloxías activas nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación, priorizando o alumnado, de maneira que o saber facer e saber comunicarse sexa a ferramenta chave do seu propio proceso de aprendizaxe, non só na etapa educativa na que se encontra, senón na súa aprendizaxe ao longo da vida.

O estudo dunha lingua estranxeira nas persoas adultas é esencial como instrumento de comunicación non só para se desenvolver de maneira máis enriquecedora a nivel persoal en situacións diversas da realidade contemporánea, senón tamén, e cada vez máis, como “salvoconduto” para garantir maior éxito na actividade profesional.

O alumnado que accede ao 1º curso de Bacharelato achega unha competencia comunicativa básica que se pretende ampliar diversificando as situacións de uso e profundando na análise e reflexión sobre a lingua e a propia aprendizaxe. Este é o caso tamén en moitas instancias dos estudantes que acceden ao 2º curso de Bacharelato.

A autonomía na aprendizaxe é un obxectivo primordial no bacharelato e faise esencial

se, **como é o noso** caso, falamos **das ensinanzas de adultos e a distancia**. Isto implica a utilización de forma persoal dunha serie de estratexias relacionadas coa maneira de conectar os novos materiais co xa aprendido e coa planificación e avaliación da propia aprendizaxe.

2. **Ámbito de comunicación 4º módulo da ESA**

2.1 **Introdución**

A presente programación pretende ofrecer unha proposta didáctica para a materia de Ámbito de Comunicación para o curso de segundo e cuarto de Educación Secundaria para Adultos a distancia (ESAD) no ano académico 2023/2024, tendo en conta as especiais características derivadas tanto da educación das persoas adultas coma da modalidade a distancia.

2.1.1 **Contextualización**

Estas dúas circunstancias veñen determinar grandemente o proceso de ensino e aprendizaxe deseñado para esta materia. Se a educación das persoas adultas ten a consideración de ensinanza de segunda oportunidade conducente a título, a modalidade a distancia esixe do alumnado o rápido desenvolvemento da Competencia de Aprender a Aprender, xa que o material vaise subindo á plataforma dixital (<http://aulavirtual.iessanclemente.net/aulavirtual.aspx>) de xeito paulatino co obxectivo de que vaia traballando os contidos propostos segundo a programación temporal establecida.

2.1.2 **Marco lexislativo**

A situación lexislativa actual, nun momento de cambio co remate da implantación nestas ensinanzas da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa que modifica á Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación que veñen

modifica-la organización da educación secundaria obrigatoria [ESO] e do bacharelato fai preciso delimitar correctamente o desenvolvemento normativo do currículo.

Este atópase recollido a nivel estatal polo Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato e a nivel autonómico na nosa comunidade polo Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Aínda que estes currículos non nos afectan de xeito específico, por ter a nosa materia e o noso tipo de ensinanza un desenvolvemento curricular propio, si o fan na medida na que, se consideramos o estado de redacción actual do noso currículo específico (en fase de borrador) este nos refire aos obxectivos de etapa indicados no citado Decreto 86/2015, do 25 de xuño.

É pois primordial indicar neste apartado a situación de especial provisionalidade no que a nosa ensinanza se desenvolve, ao carecer dun currículo propio definido para a modalidade de ensinanza específica que nos ocupa, organizada en tres ámbitos no canto das tradicionais materias da ESO ordinaria. Ao non ter establecidos para os ditos ámbitos os pertinentes criterios de avaliación cos seus estándares de aprendizaxe avaliable, seguiremos as directivas marcadas dende a xefatura se estudos do centro, polas cales se determina empregar o borrador existente para o dito currículo e os elementos curriculares (obxectivos, contidos, criterios e estándares) nel recolleitos.

A esta normativa básica de obrigado cumprimento engádese algunha outra que a complementa como pode ser a Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato ou a *ORDE do 16 de setembro de 2020 pola que se ditan instrucións sobre o comezo do curso académico 2020/21 e pola que se modifica a Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*.

2.1.3 Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

As competencias clave serven de marco de referencia para unha aprendizaxe activa e significativa ao longo de toda a vida das e dos discentes. Segundo o que reflicte o borrador do currículo procederase a concretar a relación dos estándares de aprendizaxe avaliables da materia, conformando os seus perfís competentes, xa que a presente programación didáctica pretende contribuír ao desenvolvemento de todas e cada unha das competencias

clave indicadas nel, pois é nese senso no que entendemos o “saber facer” que se define no modelo competente establecido pola Unión Europea, que inclúe:

- Comunicación lingüística.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais y cívicas.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Conciencia e expresións culturais.

Todas e cada unha destas competencias relaciónanse cos estándares de aprendizaxe avaliáveis e, a partires destes, cos obxectivos xerais de etapa, os contidos, os criterios de avaliación, e o grao mínimo de consecución recollidos na táboa correspondente do apartado dedicado ás concrecións para os estándares de aprendizaxe avaliáveis nesta programación, á programación temporal, ao grao mínimo de consecución para supera-la materia e aos procedementos e instrumentos de avaliación.

En calquera caso, cómpre anotar que a nosa materia, debido ás súas características e á meta última de desenvolver unha competencia en comunicación lingüística, ten a competencia citada como prioritaria. Nesa liña, tendo en conta a organización en ámbito da materia, que abrangue de xeito integrado e global o estudo das dúas linguas cooficiais e dunha lingua estranxeira, se traballará a vertente instrumental e funcional da lingua. Así, privilexiaremos o uso da linguaxe e a comprensión de textos de carácter diverso.

Paralelamente ese ámbito da construción de coñecementos, así como o desenvolvemento das capacidades para seleccionar e procesar a información requiridas para o traballo na aula virtual, axudarán a desenvolver a competencia de aprender a aprender. Tamén se inclúe isto como desenvolvemento dunha competencia metalingüística e meta-cognitiva, incidindo na necesaria capacidade para aprender a aprender unha lingua.

Todo o argumentando contribúe tamén á competencia relacionada co sentido de iniciativa e espírito emprendedor, aprendendo a resolver problemas e a trazar novos plans de estudo, con decisións importantes e transferibles a outros ámbitos.

Por outra banda, dadas as especiais características do noso centro, a competencia referente ao tratamento da información e a competencia dixital, así como a competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, ao ter que empregar a aula virtual como ferramenta imprescindible no marco dun ensino a distancia e ser capaces de procesar toda a información presente nela empregando medios e formatos diversos trabállanse a cotío.

Asemade, as competencias sociais e cívicas trátanse mediante esa plataforma no uso de recursos diversos e con contidos transversais en textos e outros materiais que garantan o desenvolvemento desa necesaria competencia. Do mesmo xeito, nas aulas presenciais isto terá unha repercusión especial.

Nos mesmos textos e demais materiais asociados a estes, como os múltiples temas musicais ou pezas teatrais vinculadas á expresión literaria, a competencia relativa á conciencia e expresións culturais resulta imprescindible, como se verá ao longos da nosa programación.

2.2 Relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competentes

Ao se tratar dunha modalidade de ensinanza a distancia telemática, **as probas escritas constituirán os procedementos e instrumentos de avaliación.**

2.2.1 Ámbito de comunicación: lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN. MATERIAS DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA E LINGUA GALEGA E LITERATURA		
Estándar de aprendizaxe avaliábel	Grao mínimo de consecución dos obxectivos	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar		
B1.1.1 Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias, debates ou declaracións, determina o tema e reconece a intención comunicativa do/da falante.	Comprende textos orais dos medios de comunicación, determina o tema ou reconece a intención comunicativa do/da falante.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
B1.1.2 Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias, debates e procedentes dos medios de comunicación e reconece a validez dos argumentos.	Analiza a forma e o contido de mensaxes procedentes dos medios de comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
B1.2.1 Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.	Identifica a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA
B1.2.2 Reconece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra dunha opinión ou postura.	Maniféstase a favor ou en contra dunha opinión ou postura, reconecendo habitualmente os procedementos lingüísticos empregados.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN. MATERIAS DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA E LINGUA GALEGA E LITERATURA		
Estándar de aprendizaxe avialable	Grao mínimo de consecución dos obxectivos	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar		
B1.3.1 Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.	Identifica algúns recursos que proporcionan coherencia ao discurso.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
B1.3.2 Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.	Aplica as normas de cortesía na comunicación oral.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
B1.3.3 Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	Recoñece habitualmente a importancia dos aspectos prosódicos, a linguaxe corporal e o autocontrol das emocións ao falar en público.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CSIEE
B1.4.1 Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	Produce intervencións espontáneas adecuadas á situación e á intención comunicativa con coherencia.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC •
B1.5.1 Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións.	Trata de evitar nos discursos propios incoherencias, , repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros fonética e entoación inadecuada.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCA
B1.6.1 Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	Valora a lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CCA • CSIEE

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN. MATERIAS DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA E LINGUA GALEGA E LITERATURA		
Estándar de aprendizaxe avialable	Grao mínimo de consecución dos obxectivos	Competencias clave
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir		
B2.1.1 Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais).	Emprega en ocasións estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas ou mapas conceptuais).	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCA
B2.1.2 Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión.	Aplica habitualmente os coñecementos lingüísticos propios para solucionar problemas de comprensión.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
B2.1.3 Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto.	Xerarquiza as ideas dun texto.	
B2.1.4 Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.	Habitualmente é quen de deducir información global do texto.	
B2.1.5 Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.	Entende o significado dalgunhas palabras do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
B2.2.1 Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.	Identifica habitualmente o tema e subtemas de escritos propios da vida cotiá.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
B2.2.2 Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia, carta de reclamación.	Comprende e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a algún destes ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia ou carta de reclamación.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
B2.3.1 Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.	Comprende algúns textos relacionados co ámbito educativo.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD
B2.3.2 Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas.	Interpreta algunha información de mapas, gráficas ou diagramas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
B2.4.1 Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.	Diferencia algún dos trazos característicos dalgun texto xornalístico de opinión.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
B2.4.2 Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e	Distingue entre información, opinión e persuasión	

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN. MATERIAS DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA E LINGUA GALEGA E LITERATURA		
Estándar de aprendizaxe available	Grao mínimo de consecución dos obxectivos	Competencias clave
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir		
distingue entre información, opinión e persuasión.	nun texto.	
B2.5.1 Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios).	Comprende e interpreta algunhas mensaxes explícitas e implícitas en anuncios.	
B2.5.2 Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes persuasivas que proveñen dos medios de comunicación.	Reflexiona ante algunha mensaxe persuasiva que proveña dos medios de comunicación.	
B2.6.1 Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	Reflexiona algunha vez sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	
B2.6.2 Detecta prexuízos e mensaxes discriminatorias implícitas nos textos de medios de comunicación con especial atención á publicidade.	Detecta algún prexuízo e mensaxe discriminatoria implícita nalgún texto dos medios de comunicación con especial atención á publicidade.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
B2.7.1 Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso (diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais).	Utiliza algunha técnica de planificación para organizar o seu discurso (esquemas ou mapas conceptuais).	
B2.7.2 Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo.	Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
B2.7.3 Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectadores e outros elementos de cohesión.	Estructura os contidos encadeadándoos con conectadores e outros elementos de cohesión.	
B2.7.4 Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seus alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicalas correctamente.	Aplica correctamente algunhas veces as regras ortográficas e as normas morfosintácticas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD
B2.7.5 Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.	Revisa o texto e corrixe algunha vez a organización dos contidos do texto é correcta, os erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
B2.8.1 Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a algún dos seguintes ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia, carta de reclamación.	Produce algún texto propio da vida cotiá pertencentes a algún dos seguintes ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia ou carta de reclamación.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CSC
B2.9.1 Crea, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.	Crea en soporte impreso ou dixital algunha carta á dirección ou columna de opinión.	
B2.10.1 Identifica e describe os valores da escritura non só como una ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	Valora algunha vez a escritura como una ferramenta para organizar os pensamentos ou como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CCEC

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN. MATERIAS DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA E LINGUA GALEGA E LITERATURA		
Estándar de aprendizaxe available	Grao mínimo de consecución dos obxectivos	Competencias clave
Bloque 3. Funcionamento da lingua		
B3.1.1 Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais.	Recoñece, explica e usa un léxico variado de diferentes categorías gramaticais.	
B3.1.2 Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas.	Explica e usa algunha fraseoloxía da lingua galega nas súas producións orais e escritas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
B3.2.1 Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.	Recoñece e explica algúns dos procedementos de creación de palabras.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA
B3.2.2 Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica.	Crea algunha palabra nova utilizando os procedementos de creación léxica.	

AMBITO DE COMUNICACION. MATERIAS DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA E LINGUA GALEGA E LITERATURA		
Estándar de aprendizaxe available	Grao mínimo de consecución dos obxectivos	Competencias clave
Bloque 3. Funcionamento da lingua		
B3.2.3 Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras.	Recoñece os valores de prefixos e sufixos e algunhas das súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras.	• CCL
B3.2.4 Identifica a procedencia grega ou latina de prefixos e sufixos habituais no uso da lingua galega.	Identifica a procedencia grega ou latina dalgúns prefixos e sufixos habituais no uso da lingua galega.	
B3.3.1 Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao /n/ velar.	Recoñece e usa adecuadamente de forma habitual a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao /n/ velar.	• CCL • CAA
B3.4.1 Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá nos discursos orais e escritos.	Aplica correctamente de xeito habitual as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá nos seus discursos orais e escritos.	
B3.4.2 Recoñece o valor funcional e social das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.	Recoñece habitualmente o valor funcional e social das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.	• CCL
B3.5.1 Analiza e usa correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.	Analiza e usa correctamente de xeito habitual a puntuación.	
B3.6.1 Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente.	Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente.	• CCL • CAA
B3.6.2 Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos.	Recoñece a estrutura interna dalgúns oracións, identificando o verbo e algún dos seus complementos.	
B3.6.3 Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica.	Respecta habitualmente a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica.	• CCL
B3.6.4 Clasifica oracións segundo a natureza do predicado.	Clasifica algunha oración segundo a natureza do seu predicado.	
B3.6.5 Usa a terminoloxía sintáctica correcta.	Usa algunha terminoloxía sintáctica de forma correcta.	
B3.7.1 Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	Recoñece, explica e usa algúns nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese ou os conclusivos, ou ben algún mecanismo gramatical ou léxico de cohesión interna	• CCL • CAA
B3.8.1 Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas.	Identifica habitualmente a estrutura do texto.	• CCL
B3.8.2 Xustifica con argumentos a división en parágrafos de textos propios e alleos.	Xustifica con argumentos a división en parágrafos dalgún texto propio ou alleo.	• CCL • CAA
B3.8.3 Identifica a progresión temática en textos propios e alleos.	Identifica habitualmente a progresión temática en textos propios ou alleos.	
B3.8.4 Elabora textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática.	Elabora algún texto cunha estrutura apropiada, dividido en parágrafos ou empregando os mecanismos de progresión temática.	• CCL
B3.9.1 Xustifica a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual.	Xustifica a adecuación dalgúnha produción en función do contexto, do tema ou do xénero textual.	• CCL • CAA
B3.9.2 Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual.	Elabora algunha produción lingüística cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema ou ao xénero textual.	• CCL
B3.10.1 Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participa ás veces nalgún proxecto no que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais e evita estereotipos ou valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	• CCL • CAA
B3.11.1 Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das	Utiliza algún coñecemento lingüístico desenvolvidos no curso nunha das linguas, para	

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN. MATERIAS DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA E LINGUA GALEGA E LITERATURA		
Estándar de aprendizaxe available	Grao mínimo de consecución dos obxectivos	Competencias clave
Bloque 3. Funcionamento da lingua		
linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN. MATERIAS DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA E LINGUA GALEGA E LITERATURA		
Estándar de aprendizaxe available	Grao mínimo de consecución dos obxectivos	Competencias clave
Bloque 4. Lingua e sociedade		
B4.1.1 Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta con fundamento e cun discurso propio a súa postura.	Valora a lingua como medio de relación interpersonal ou sinal de identidade dun pobo e algunha vez argumenta de xeito fundamentado dita postura.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEC
B4.2.1 Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura.	Valora algunha vez o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta a súa postura.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
B4.3.1 Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI.	Coñece algún dos territorios que forman parte da comunidade lusófona ou sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
B4.4.1 Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.	Coñece parte da lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.	
B4.4.2 Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual .	Describe acertadamente ou con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
B4.5.1 Identifica os procedementos de normalización.	Identifica algúns dos procesos de normalización.	
B4.5.2 Distingue normativización e normalización.	Distingue a normalización.	
B4.5.3 Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.	Coñece algún dos principais axentes normalizadores en Galicia ou valora a súa importancia.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
B4.6.1 Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.	Recoñece algún dos principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
B4.6.2 Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.	Recoñece algún dos acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEC
B4.7.1 Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada.	Sinala algún dos prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
B4.7.2 Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos con argumentos.	Analiza algunha opinión propia sobre as linguas e detecta os prexuízos, en caso de os ter.	
B4.8.1 Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega.	Recoñece algúns dos principais fenómenos que caracterizan algunha das variedades xeográficas da lingua galega.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
B4.8.2 Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega.	Recoñece algúns dos trazos da variedade estándar da lingua galega.	
B4.8.3 Valora a lingua estándar como variedade unificadora. Recoñece interferencias habituais entre as dúas linguas oficiais.	Valora a lingua estándar como variedade unificadora ou recoñece interferencias habituais entre as dúas linguas oficiais.	
B4.8.4 Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita con fundamentos calquera prexuízo sobre a variación diatópica.	Valora algunha das variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural ou rexeita calquera prexuízo sobre a variación diatópica.	
B4.8.5 Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas.	Recoñece as variedades diastráticas ou diafásicas da lingua galega.	

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN. MATERIAS DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA E LINGUA GALEGA E LITERATURA			
Estándar de aprendizaxe available	Grao mínimo de consecución dos obxectivos	Competencias clave	
Bloque 5. Educación literaria			
B5.1.1 Identifica os distintos períodos e xeracións das literaturas en galego e en castelán do século XX e XXI.	Identifica os distintos períodos e xeracións das literaturas en galego e en castelán do século XX e XXI.	• CCL	
B5.1.2 Comprende e explica razoadamente os distintos períodos das literaturas en galego e en castelán do século XX e XXI.	Comprende razoadamente algúns dos distintos períodos das literaturas en galego e en castelán do século XX e XXI.		
B5.2.1 Le autonomamente obras ou textos representativas das literaturas galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.	Le textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido e sinala os seus trazos característicos.		
B5.2.2 Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras das literaturas en galego e en castelán do século XX e XXI, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.	Comenta textos de obras das literaturas en galego e en castelán do século XX e XXI, e sinala os seus trazos característicos.		
B5.3.1 Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en castelán do século XX e XXI.	Le comprensivamente algún texto narrativo, poético, teatral ou ensaístico representativo da literatura en galego e en castelán do século XX e XXI		
B5.3.2 Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en castelán do século XX e XXI.	Participa con proveito dalgunha audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos das literaturas en galego e en castelán do século XX e XXI.		
B5.4.1 Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos das literaturas en galego e en castelán do século XX e XXI.	Elabora algún traballo no que se describe ou analiza algún dos textos representativos das literaturas en galego e en castelán do século XX e XXI.		
B5.5.1 Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.	Consulta e/ou cita algunha fonte de información para a realización de traballos.		
B5.5.2 Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.	Emprega e/ou cita algún recurso das TIC para a realización de traballos.		• CCL • CD
B5.6.1 Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.	Crea ou recrea algún texto de intención literaria.		• CCL • CCEC
B5.6.2 Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.	Desenvolve algunha vez o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar ou regular os sentimentos e xuízos.	• CCL • CCEC	

2.2.2 Ámbito de comunicación: lingua estranxeira: Inglés

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN. MATERIA DE LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS		
Estándar de aprendizaxe available	Grao mínimo de consecución dos obxectivos	Competencias clave
Bloque 1: Comprensión oral		
B1.1.1 Aplica de forma sistemática estratexias de escoita activa para a comprensión das ideas xerais e información máis relevante sobre temas habituais e do seu interese.	A miúdo aplica estratexias de escoita activa para a comprensión das ideas xerais sobre temas habituais.	• CCL • CAA • CSC • CCEC • CD
B1.2.1 Capta os puntos principais e detalles relevantes de mensaxes gravadas ou de viva voz, articuladas de maneira lenta e clara, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información (p.e. en contestadores automáticos...)	A miúdo capta os puntos principais de mensaxes gravadas ou de viva voz, articuladas de maneira lenta e clara.	

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN. MATERIA DE LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS		
Estándar de aprendizaxe available	Grao mínimo de consecución dos obxectivos	Competencias clave
Bloque 1: Comprensión oral		
B1.2.2 Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (p.e. en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes, centros educativos, lugares de traballo), ou menos habituais (p.e. nunha farmacia, un hospital, nunha comisaría ou un organismo público), se pode pedir confirmación dalgúns detalles.	Normalmente entende o que se lle di en xestións cotiás e estruturadas se pode pedir confirmación dalgúns detalles.	
B1.2.3 Identifica as ideas principais e detalles relevantes dunha conversación de certa duración entre dúas ou máis interlocutores que ten lugar na súa presenza e na que se tratan temas coñecidos ou cotiáns, cando o discurso está articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua.	A miúdo identifica as ideas principais dunha conversación de certa duración entre dúas ou máis interlocutores que ten lugar na súa presenza e na que se tratan temas coñecidos ou cotiáns, cando o discurso está articulado con claridade e nunha variedade estándar	
B1.2.4 Comprende, nunha conversación informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns e sobre asuntos prácticos relativos a actividades académicas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible, sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo.	A miúdo comprende, nunha conversación informal na que participa, explicacións de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos cotiáns e sobre asuntos prácticos relativos a actividades ocupacionais de carácter habitual e predicible, sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo.	
B1.2.5 Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións e proxectos socioculturais de extensión media, ben estruturados e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional ou con aspectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira.	A miúdo distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais en presentacións de extensión media, ben estruturados e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito ocupacional ou con aspectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira.	
B1.3.1 Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira e establece relación entre aspectos da propia cultura e da allea, comparándoas e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	As veces recoñece algúns dos elementos culturais máis relevantes dalgúns dos países onde se fala a lingua estranxeira e establece relación entre aspectos da propia cultura e da allea, comparándoas e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	
B1.4.1 Identifica os expoñentes máis comúns propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas, así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo.	A miúdo identifica os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo	
B1.5.1 Recoñece as estruturas morfosintácticas e discursivas máis habituais para comprender as funcións comunicativas propias do seu nivel.	As veces recoñece algunhas das estruturas morfosintácticas e discursivas máis habituais para comprender as funcións comunicativas propias do seu nivel.	
B1.6.1 Identifica o vocabulario oral básico e suficiente para comprender textos sinxelos en rexistro estándar propio do seu nivel.	Case sempre identifica o vocabulario oral básico para comprender textos sinxelos en rexistro estándar propio do seu nivel.	
B1.7.1 Discrimina trazos fonéticos e de entoación que axudan a entender o sentido global e as ideas principais e secundarias e as intencións comunicativas xerais relacionados cos mesmos.	Discrimina a miúdo trazos fonéticos e de entoación que axudan a entender o sentido global .	

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN. MATERIA DE LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS		
Estándar de aprendizaxe available	Grao mínimo de consecución dos obxectivos	Competencias clave
Bloque 2: Expresión oral		
B2.1.1 Usa de forma sistemática estratexias de escoita activa para comunicar información oral, para a comprensión global e específica de textos/mensaxes recibidos e para entender e facerse entender.	Usa a miúdo estratexias de escoita activa para comunicar información oral, para a comprensión global de textos/mensaxes recibidos e para entender e facerse entender.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC • CD
B2.2.1 Fai presentacións breves e participa en proxectos ben estruturados, ensaiados previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas de interese persoal ou ocupacionais do seu interese	As veces fai presentacións breves ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas	

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN. MATERIA DE LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS		
Estándar de aprendizaxe avaliable	Grao mínimo de consecución dos obxectivos	Competencias clave
Bloque 2: Expresión oral		
ou sobre aspectos socioculturais do país da lingua estranxeira, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade e respondendo a preguntas sinxelas dos oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.	ocupacionais ou sobre aspectos socioculturais do país da lingua estranxeira, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade e respondendo a preguntas sinxelas dos oíntes articuladas de maneira clara.	
2.2.2 Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiáns que poden xurdir durante unha viaxe ou estancia noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde, lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións.	Desenvólvese en situacións cotiáns que poden xurdir durante unha viaxe ou estancia noutros países e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións aínda con erros formais na elaboración da mensaxe que non exclúan a comprensión.	
2.3.1 Participa en conversacións informais cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns nas que intercambia información e expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos	Participa en conversacións informais cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, e a miúdo expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; pide e dá indicacións ou instrucións expresa sentimentos.	
B2.4.1 Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira e establece relación entre aspectos da propia cultura e da allea, comparándoas e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	Recoñece a miúdo os elementos culturais máis relevantes dalgúns dos países onde se fala a lingua estranxeira e establece relación entre aspectos da propia cultura e da allea, comparándoas e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas	
B2.5.1 Usa os expoñentes máis comúns propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo.	Usa a miúdo os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo.	
B2.6.1 Usa as estruturas gramaticais de relativa complexidade para realizar as funcións comunicativas así como os marcadores de discurso para iniciar, enlazar, ordenar y finalizar o discurso, en situacións habituais e frecuentes.	A miúdo usa as estruturas gramaticais para realizar as funcións comunicativas así como os marcadores de discurso para iniciar, enlazar, ordenar y finalizar o discurso, en situacións habituais e frecuentes.	
B2.7.1 Emprega o vocabulario oral básico e suficiente para producir textos sinxelos en rexistro estándar propio do seu nivel.	Emprega a miúdo o vocabulario oral básico para producir textos sinxelos en rexistro estándar.	
B2.8.1 Exprésase con certa claridade, usando unha entoación e pronunciación comprensible, aceptándose as pausas e pequenas repeticións, e aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras.	A miúdo exprésase con certa claridade, usando unha entoación e pronunciación comprensible, aceptándose as pausas e pequenas repeticións, e aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras.	

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN. MATERIA DE LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS		
Estándar de aprendizaxe avaliable	Grao mínimo de consecución dos obxectivos	Competencias clave
Bloque 3: Expresión oral		
B3.1.1. Aplica estratexias de lectura comprensiva recoñecendo os trazos esenciais do xénero e a súa estrutura, e interpretando o seu contido global e específico, sen necesidade de entender todos os elementos do mesmo.	Aplica habitualmente estratexias de lectura comprensiva recoñecendo os trazos esenciais do xénero e a súa estrutura, e interpretando o seu contido global e específico, sen necesidade de entender todos os elementos do mesmo.	
B3.2.1. Entende as ideas principais dun texto escrito breve e ben estruturado en presentacións breves e sinxelas e en proxectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira.	Entende con frecuencia as ideas principais dun texto escrito breve e ben estruturado en presentacións breves e sinxelas e en proxectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC • CD
B3.2.2. Entende os puntos principais de anuncios e material	Entende habitualmente os puntos principais de	

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN. MATERIA DE LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS		
Estándar de aprendizaxe available	Grao mínimo de consecución dos obxectivos	Competencias clave
Bloque 3: Expresión oral		
publicitario de revistas ou Internet formulados de maneira simple e clara, e relacionados con asuntos do seu interese.	anuncios e material publicitario de revistas ou Internet formulados de maneira simple e clara, e relacionados con asuntos do seu interese.	
B3.2.3. Comprende correspondencia persoal breve e sinxela en calquera formato na que se fala dun mesmo; descríbense persoas, obxectos e lugares; nárranse acontecementos pasados e presentes, reais ou imaxinarios, e exprésanse sentimentos e desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	Comprende en grao satisfactorio a correspondencia persoal breve e sinxela en calquera formato na que se fala dun mesmo; descríbense persoas, obxectos e lugares; nárranse acontecementos pasados e presentes, reais ou imaxinarios, e exprésanse sentimentos e desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	
B3.2.4. Entende con axuda de dicionarios impresos e online, información específica esencial en páxinas Web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre asuntos do seu interese (por exemplo. sobre un curso de idiomas, unha viaxe, unha compra por Internet).	. Entende con axuda de dicionarios impresos e online, información específica esencial en páxinas Web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre asuntos do seu interese (por exemplo. sobre un curso de idiomas, unha viaxe, unha compra por Internet).	
B3.2.5. Comprende o esencial de lecturas adaptadas breves e ben estruturadas e faise unha idea do carácter dos distintos personaxes, as súas relacións e do argumento.	Comprende a miúdo o esencial de lecturas adaptadas breves e ben estruturadas e faise unha idea do carácter dos distintos personaxes, as súas relacións e do argumento.	
B3.3.1. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos.	Na propia lingua, identifica con xeneralidade aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos.	
B3.4.1. Identifica os expoñentes máis comúns propios do seu nivel para entender as función comunicativas así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo.	Identifica correctamente os expoñentes máis comúns propios do seu nivel para entender as función comunicativas así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo.	
B3.5.1. Recoñece e comprende as estruturas morfosintácticas básicas asociadas ás funcións comunicativas propias do seu nivel.	Recoñece e comprende en grao aceptable as estruturas morfosintácticas básicas asociadas ás funcións comunicativas propias do seu nivel.	
B3.6.1 Recoñece un vocabulario escrito básico e suficiente para comprender textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	Recoñece satisfactoriamente un vocabulario escrito básico e suficiente para comprender textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	
B3.7.1 Recoñece algunhas das características e convencións propias da linguaxe escrita, discrimina o uso e significado da ortografía e a puntuación e distingue o significado e a utilidade dos símbolos de uso común.	Recoñece con frecuencia algunhas das características e convencións propias da linguaxe escrita, discrimina o uso e significado da ortografía e a puntuación e distingue o significado e a utilidade dos símbolos de uso común.	

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN. MATERIA DE LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS		
Estándar de aprendizaxe available	Grao mínimo de consecución dos obxectivos	Competencias clave
Bloque 4: Expresión escrita		
B4.1.1 Desenvolve estratexias sistemáticas de composición seguindo un modelo e usando dicionarios impresos e online e correctores ortográficos dos procesadores de textos na composición dos mesmos.	Desenvolve a miúdo estratexias de composición seguindo un modelo e usando correctores ortográficos dos procesadores de textos na composición dos mesmos.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC • CD
B4.2.1 Escribe, en distintos formatos e con axuda dun dicionario, textos breves e sinxelos nos que dá e solicita información e opinións sinxelas esencial sobre un tema académico, ocupacional, describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando	As veces escribe, en distintos formatos e con axuda dun dicionario, textos breves e sinxelos nos que dá e solicita información e opinións sinxelas esencial sobre un tema ocupacional, narrando acontecementos nunha	

**AMBITO DE COMUNICACION.
MATERIA DE LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS**

Estándar de aprendizaxe available	Grao mínimo de consecución dos obxectivos	Competencias clave
Bloque 4: Expresión escrita		
acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.	clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.	
B4.2.2 Participa en proxectos socioculturais escribindo textos sinxelos en formato impreso ou soporte dixital.	Participa as veces en proxectos socioculturais escribindo textos sinxelos en formato impreso ou soporte dixital.	
B4.2.3 Completa un cuestionario detallado con información persoal, académica ou laboral (p.e. para facerse membro dunha asociación, ou para inscribirse nun ximnasio ou nun curso...).	As veces completa parcialmente un cuestionario con información persoal, ou laboral .	
B4.2.4 Escribe o seu curriculum vitae en formato electrónico, seguindo un modelo, p.e., o modelo Europass e coa axuda dun dicionario.	Escribe parcialmente o seu curriculum vitae en formato electrónico, seguindo un modelo, e coa axuda dun dicionario.	
B4.2.5 Escribe correspondencia persoal sinxela e participa nos que describe experiencias, narra feitos relacionados co seu ámbito de interese e sobre actividades e experiencias pasadas (p.e. sobre unha viaxe, un acontecemento importante).	Escribe as veces correspondencia persoal sinxela e participa nos que describe experiencias, narra actividades e experiencias pasadas.	
B4.3.1 Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira e establece relación entre aspectos da propia cultura e da allea, comparándoos e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	Recoñece a miúdo algúns dos elementos culturais máis relevantes dalgúns dos países onde se fala a lingua estranxeira e establece relación entre aspectos da propia cultura e da allea, comparándoos e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	
B4.4.1 Usa os expoñentes máis comúns propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo.	Usa a miúdo os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo.	
B4.5.1 Comunica con eficacia, empregando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	Comunica a miúdo, empregando as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas.	
B4.6.1 Emprega un vocabulario escrito básico e suficiente para producir textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	Emprega a miúdo un vocabulario escrito básico para producir textos sinxelos.	
B4.7.1 Produce textos escritos breves en diferentes soportes con posibles erros ortográficos e de puntuación que non impidan a comprensión e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.	Produce as veces textos escritos breves en diferentes soportes con posibles erros ortográficos e de puntuación que non impidan a comprensión e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.	

Estruturas sintáctico-discursivas no idioma inglés

- Expresión de relacións lóxicas: *conxunción (and, also too); disxunción (or); oposición/concesión ((not...) but); causa (because (of); as); finalidade (to- infinitive); comparación (as/not so Adj. as; less/more + Adj./Adv. (than); the highest in the world); resultado (so; so that); .*
- Afirmación (*affirmative sentences; tags; Me too; Think/Hope so*).
- Exclamación (*What + (Adj. +) noun, e. g. What beautiful horses!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Hey, that's my bike!*).
- Negación (*negative sentences with not, never, no (Adj.), nobody, nothing; negative tags*).
- Interrogación (*Wh- questions; Aux. Questions; What is the book about?; tags*).
- Expresión do tempo: *pasado (past simple and continuous); presente (simple and continuous present); futuro (going to; will; present simple and continuous)*.
- Expresión do aspecto: *puntual (simple tenses); durativo (present and past simple); habitual (simple tenses (+ Adv., e. g. every Sunday morning)*.
- Expresión da modalidade: *factualidade (declarative sentences); capacidade (can); posibilidade/probabilidade (may; perhaps); necesidade (must; need; have (got) to); obriga (have (got) to; must; imperative); permiso (may; could); intención (present continuous)*.
- Expresión da entidade (*count/uncount nouns; pronouns (relative, reflexive/ one(s); determiners*).
- Expresión da cantidade (*singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g. lots (of). Degree: e.g. absolutely; a (little) bit*).
- Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).

- Expresión do tempo (*points (e. g. at midnight), divisions (e. g. term), and indications (ago; early; late) of time; duration (from...to; during; until); anteriority, posteriority (before, afterwards; later); sequence (first, second, after that, finally); simultaneousness (just when); frequency (e. g. twice/four times a week; daily)*).
- Expresión do modo (*Adv. and phrases of manner, e. g. carefully; in a hurry*).

2.3 Obxectivos para o curso

Conforme se indica no *Real Decreto 85/2015* a Educación Secundaria Obrigatoria, sexa esta na súa modalidade ordinaria ou no caso que nos ocupa na súa concreción para a ensinanza de persoas adultas

Artigo 10.

Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no

campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento

fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2.4 Concrecións metodolóxicas

Se entendemos por metodoloxía didáctica o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados, a concreción das metodoloxías convértese nunha peza clave da programación desta materia.

As indicacións metodolóxicas derivadas das recentes reformas educativas teñen levado ao abandono do antigo modelo lingüístico estruturalista en favor do modelo comunicativo, para o cal a lingua convértese nun útil que posibilita a comunicación dentro dun marco plurilingüe e plural, o cal resulta coherente coa organización en ámbitos propia da ESA. As especiais características da educación das persoas adultas a distancia fan que esta materia presente concrecións metodolóxicas específicas.

O ensino a distancia supón a posibilidade real de que a maioría do alumnado non asista ás titorías presenciais, polo que unha planificación metodolóxica flexible e ecléctica queda maiormente cinguida ao emprego da plataforma virtual. O método interrogativo deixa paso á lección comunicativa e o método demostrativo (a partir de vídeos ou documentos), mentres a aprendizaxe por descubrimento (que esixe a aplicación práctica dos contidos estudados) vai ser guiada por medio de exercicios autoavaliabes, especialmente no traballo da lingua estranxeira.

Tratarase de poñer en práctica unha metodoloxía sumativa, aberta, participativa e bidireccional por medio do emprego de ferramentas coma os foros da materia, se ben a estruturación das actividades terá que atender ao obxectivo básico de preparar ás e aos discentes de cara á superación das probas escritas programadas.

A estes condicionantes debemos engadir tamén as características da ESA. Se as materias da ESO ordinaria teñen coma finalidade última a consecución por parte do alumnado das competencias clave, coñecementos e habilidades que lle permitirán desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e

competencia ao tempo que lle capacitarán para acceder á educación post-obrigatoria, a Educación Secundaria para Adultos (que xa ten carácter non obrigatorio) debe continuar esta labor tendo en conta as características inherentes a unha titulación de segunda oportunidade conducente a título: esixindo o dominio dos contidos recollidos no currículo sen por iso esquecer a situación persoal do alumnado matriculado.

2.5 Materiais e recursos didácticos

Como xa introducimos en apartados anteriores da programación da materia, os materias e recursos empregados deberán atoparse dispoñibles na plataforma virtual empregada (<http://aulavirtual.iessanclemente.net>) de xeito que esta será ferramenta indispensable para os e as discentes. Dentro dela atoparase a disposición dos e das estudantes multitude de materiais.

Os recursos despregados baixo a etiqueta “Apuntamento de profesorado” servirán ao alumnado para situarse na materia. Este material incluírá documentos de teoría e exercicios prácticos que de xeito habitual veñen sendo proporcionadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través dunhas unidades didácticas postas a disposición do alumnado e do profesorado. Non obstante, a ausencia destes materiais para o corrente curso (posto que o cambio legal deixa obsoletos os anteriores e os novos aínda están en proceso de elaboración, sen perspectivas de ser finalizados neste ano académico) obriga a unha adaptación. De xeito supletorio e provisional, seguindo as directrices propostas pola xefatura de estudos e a dirección do centro optarase pola elaboración de materiais en base a dous principios: respectar os contidos propostos no borrador do currículo e aproveitar na medida do posible os materias xa existentes que pese a seren LOE podan coas debidas adaptacións empregarse para a materia.

A estes materiais o equipo docente engadirá diferentes recursos, como poden ser documentos con indicacións acerca de como estudar la materia, ligazóns a diferentes recursos TIC de interese ou vídeos didácticos pensados para facilitar o estudo como poden ser vídeos educativos nos que se solucionan diferentes actividades ou vídeos nos que se grava a sesión da titoría presencial para que todas as persoas matriculadas poidan “asistir”, polo menos de xeito telemático.

Outro recurso a disposición do alumnado serán os foros. Todos os e as discentes poderán crear un foro dentro do espazo asignado a cada avaliación para preguntar calquera dúbida, de xeito que tanto o profesorado coma os restantes discentes poidan

despexala. A maiores, o docente encargado de impartir a materia creará un foro específico para comenta-la lectura obrigatoria de cada avaliación, fomentando deste xeito a reflexión conxunta do grupo sobre o texto escollido.

Dada a grande complexidade da Guía electrónica, os contidos se adaptarán da mellor maneira posible para facilitar a comprensión do alumnado de temas gramaticais.

2.6 Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado

Debese ter en conta que a nota será a media das tres linguas: lingua castelá ,lingua galega e lingua estranxeira , neste caso francés, o que lle outorga a cada lingua un 26,66% o 20% restante é dos libros de lectura.

Realización dos exames :

Os exames serán presenciais.

Os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación do curso se concretarán de xeito máis exhaustivo na aula virtual.

2.6.1 Grao mínimo de consecución dos obxectivos en lingua castelá, galega e linguas estranxeiras inglés/francés.

Os graos mínimos de consecución dos obxectivos aparecen nos cadros dos estándares de aprendizaxe no apartado 2.2. A consecución destes obxectivos serán necesarios para obter un 5.

2.6.2 Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado

Para avaliar a materia terase en conta o seguinte instrumento de avaliación: un exame correspondente á primeira avaliación da materia (que ten organización cuadrimestral, polo que se realizará aproximadamente aos dous meses de comezar as clases), un segundo exame correspondente á segunda avaliación.

Os criterios para superar a materia son:

- 1) Aquel alumnado que obteña unha nota igual a superior a cinco nas dúas avaliacións

estará aprobado

2) Aquel alumnado que teña 10 puntos sumando as notas obtidas en cada avaliación superará a materia sempre e cando non obtivese menos de 4 en ningunha delas.

3) O alumnado que teña menos dun 4 ou non se presentase a algunha das avaliacións, terá que facer o exame final e deberá obter como mínimo 5 puntos para superar a materia. Asemade haberá unha proba extraordinaria á que terán dereito a presentarse as e os estudantes que non acadaran un resultado positivo na avaliación ordinaria.

O alumnado será cualificado en cada avaliación a partir dunha proba escrita, dita proba constará de tres partes con unha puntuación de 10 puntos cada unha delas.

Nas **probos de Lingua Castelá e Literatura e Lingua Galega e Literatura** haberá unha pregunta sobre a lectura que contará **2 puntos** sobre o total. O resto do exame en ambos casos, que avaliará os estándares de aprendizaxe referidos aos graos mínimos, terá un valor total de **8 puntos sobre 10**.

A proba de **Inglés** será valorada seguindo a puntuación que se expón a continuación:

Reading Comprehension: 2 puntos

Grammar & Vocabulary: 6 puntos

Writing: 2 puntos

Contidos avaliados	Porcentaxe de valoración sobre o total da nota da proba
Cuestións referidas ás lecturas obrigatorias.	20 %
Contidos correspondentes a Lingua Galega e Literatura.	26,66 %
Contidos correspondentes a Lingua Castelá e Literatura.	26,66 %
Contidos correspondentes á Lingua Estranxeira (Inglés ou Francés).	26,66 %

2.7 Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

A análise da práctica docente, reflexión indispensable para mellora-lo desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe realizarase a partir de diversos indicadores de logro.

Respecto da avaliación do proceso do ensino, teranse en conta os seguintes indicadores:

- A proposta didáctica fomenta a interacción entre o profesorado e os diferentes membros do grupo-clase, producíndose esta a través da plataforma virtual ou por medio das titorías telemáticas.
- Trabállase de forma integrada o currículo lingüístico, existindo unha estreita coordinación entre os diferentes departamentos de linguas.
- Fomentase tanto a competencia lingüística oral coma a competencia lingüística escrita, dentro das especiais características do ensino a distancia.
- Favorécese o desenvolvemento dun hábito lector crítico nos e nas discentes.
- As obras de lectura de cada avaliación atópanse a disposición de todo o alumnado.
- A programación temporal é flexible, permitindo ao alumnado conciliar a súa vida escolar coa laboral e/ou familiar.
- Os exames adecúanse aos tempos dispoñibles para a súa realización.
- As probas escritas son claras e de fácil comprensión, non inducendo a erro.
- Cada cuestión do exame ten adxudicada claramente a súa porcentaxe sobre o total.
- Tanto os contidos susceptíbeis de examinarse coma os criterios de avaliación aplicados atópanse a disposición do alumnado con anterioridade á realización das probas escritas.

Respecto da avaliación da práctica docente, teranse en conta os seguintes indicadores:

- Desenvólvense medidas ordinarias de apoio para aqueles e aquelas discentes con necesidades específicas de apoio educativo.
- Favorécese a auto-avaliación do alumnado, proporcionándolle guías que lle permitan percibir obxectivamente o seu grado de consecución respecto dos obxectivos da materia.
- As probas escritas axústanse aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe avaliábeis asignados á materia.
- Os criterios de avaliación e promoción son coñecidos por todo o grupo-clase.
- Aténdese as indicacións dos informes psicopedagóxicos emitidos polo Departamento de Orientación.

A adaptación da programación obedece ás características detectadas no grupo, sendo os recursos e medidas empregados adecuados ás necesidades detectadas.

2.8 Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado do 3º módulo que non teña aprobada a materia (se só ten unha materia pendente) poderá matricularse en todas as materias do curso superior, aínda que deberá superar a materia de terceiro para poder aprobar na de cuarto (e titular se fora o caso). Debido ás especiais características deste centro, non se proporán actividades a maiores, xa que as nosas materias en si non se consideran pendentes (os e as discentes teñen a obriga de matricularse unha vez máis nos ámbitos non superados).

2.9 Avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Tendo en conta que nos atopamos nun ensino a distancia onde o único requisito obrigatorio é a realización dos diferentes exames (non sendo obrigatoria a asistencia, e debendo ter as mesmas oportunidades tódolos e tódalas discentes) non se contemplará a realización dunha avaliación inicial.

2.10 Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade está implícita na heteroxeneidade intrínseca do conxunto do alumnado, polo que se disporá dun correo e unha liña telefónica que permiten ao equipo docente atender aos e ás estudantes que así o requiran de xeito individualizado, atendendo desta forma ás necesidades de apoio educativo que se presenten desta maneira. Esta atención personalizada levarase a cabo por medio das horas de titorías multimedia, nas que tamén se poderá atender aos membros do grupo-clase de modo presencial.

2.11 Concreción dos elementos transversais

Nesta materia entendemos que todo proceso educativo debe dirixirse, alén de á cognición e a intelectualidade, ao compoñente afectivo, interpersonal e social. Por iso consideramos que tanto os contidos transversais dos textos, como outros materiais didácticos empregados e compartidos na aula virtual, deben prestar atención a eidos relevantes dentro da vida humana como poden se-la dignidade dos seres humanos e a tolerancia, o voluntariado, o consumo responsable ou o respecto ao medio ambiente. Todo ilo, sen esquecer que a literatura debe ir asociada, asemade, á valoración positiva da diversidade cultural e o respecto ás tradicións como patrimonio da Humanidade.

2.12 Actividades complementarias e extraescolares

Tendo en conta que nos atopamos nun ensino a distancia onde o único requisito obrigatorio é a realización dos diferentes exames (non sendo obligatoria a asistencia, e debendo ter as mesmas oportunidades tódolos e tódalas discentes) non se contemplará a realización de actividades complementarias, fora da participación no foro de lecturas á que se fai referencia no apartado de avaliación.

2.13 Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Tradicionalmente ténselle dado importancia á avaliación cualificadora. Porén, dentro do proceso de ensinanza aprendizaxe planificado nesta programación contemplárase a avaliación formativa, mediante a cal preténdese controlar e mellorar todo o devandito proceso nas súas diferentes fases. A primeira corresponderíase coa comprobación da

planificación contemplada, tendo en conta os elementos prescritos presentes no currículo; a segunda co seguimento e a posible adaptación de certos aspectos en función da súa aplicación no día a día desenvolto tanto na plataforma virtual coma nas titorías presenciais. Unha vez rematada a aplicación da presente programación no vixente ano académico, avaliarase o funcionamento da súa posta en práctica e, tendo en conta os resultados tirados desta análise, recolleranse no documento da Memoria final de curso as propostas de mellora que se estimen pertinentes.

2.14 Indicadores de logro

Recóllense a continuación os indicadores de logro que se contemplarán nas anteditas materias programadas para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente xunto cos indicadores empregados para revisar a programación didáctica.

3.14.1 Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino

	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse a participación activa alumnado.				
3. Conseguiuse motivar alumnado.				
4. Adoptáronse as medidas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE (no caso de que haxa alumnado destas características).				
5. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
6. Usáronse distintos instrumentos de avaliación (no caso de ser posible).				
7. Valorouse adecuadamente o traballo do alumnado a través da aula virtual (exercicios ao titor).				

3.14.2 Indicadores de logro para avaliar a práctica docente

	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
7. Incorporáranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
8. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				

9. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
10. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

3.14.3 Indicadores de avaliación da programación didáctica

	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da programación temporal das unidades didácticas.				
3. Adecuación dos mínimos esixibles para superar a materia.				
4. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
5. Adecuación da metodoloxía empregada.				
6. Adecuación dos materiais e recursos didácticos utilizados.				
7. Adecuación das medidas de atención á diversidade.				
8. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación.				
9. Adecuación dos criterios establecidos para a promoción.				
10. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc.				
11. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
12. Contribución desde a materia ao plan de convivencia do centro.				
13. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				
14. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
15. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				

